

A Coruña acolleu o XXVII congreso das literaturas galega, vasca e catalá, analizándose a situación actual e a súa achega á industria cultural nun momento no que aparece seriamente ameazada.

Galeusca, 2010

A dignificación e o recoñecemento ao mesmo nivel que a literatura en castelán foi outra inaplazable esixencia

**PÁXINA
LITERARIA**
XULIO
VALCÁRCEL



Na Coruña celebrouse unha nova edición do Galeusca, un evento que congrega a escritores galegos, vascos e cataláns para estudar as varias e complexas problemáticas que os afectan como membros de culturas sen estado e como creadores en linguas minoritarias e minorizadas. O congreso non podía ser máis oportuno por varias razóns: porque se cumpriron trinta anos da Fundación da AELG (Asociación de Escritores en Lingua Galega) e porque atravesamos unha situación difícil.

Os recortes e as directrices da xestión pública ameazan a viabilidade da nosa industria cultural. Así o manifestaron nunha rolda de prensa os respectivos presidentes, Cesáreo Sánchez, Ander Iturrizotz e Guillem-Jordi Graells, ao estimar que a Administración só atende unha parte da realidade cultural española, a feita en castelán. Cómpre un esforzo para conseguir que os sistemas literarios obrigadamente periféricos acce-

dan a un estatus de dignidade e recoñecemento similar, máxime se consideramos que desde a perspectiva da calidade e das cifras obxectivas, a suma das tres literaturas reunidas alcanza resultados semellantes.

Cunha organización perfectamente deseñada polo equipo de Cesáreo Sánchez e Mercedes Queixas, na que moito tivo que ver tamén Ernesto Calo, fóronse sucedendo os diversos actos, ponencias e debates que resultaron moi interesantes xa que afectan tanto ao desenvolvemento actual, como en consecuencia e con máis razón a calquera proxecto futuro.

Incerto e complicado futuro que se enxerga con esperanza máis tamén con non ocultos temores.

Velaí este diagnóstico, revelador, de Anxo Angueira: "...A viaxe á propia xeografía cobra un sentido moi especial, sobre todo, cando esta xeografía, este país, o propio, é un país negado. E falando concretamente de Galicia, a miña nación foi e é unha nación negada". Para Angueira, a lingua, a literatura son suportes esenciais na construción da nosa identidade colectiva, identidade deturpada pola asimilación doutros valores.

Ese proceso é conscente, calculado e dirixido e pasa pola imposición unilateral da superestructura centralista (idioma, medios de co-

municación, eirexa, ensino, xustiza...) e polo silenciamento sistemático da produción periférica. Cando vemos un libro galego, vas-

co ou catalán re-señado nun xornal de Madrid ou de Burgos? E o mesmo podemos dicir da música, do teatro..., agás que se renuncie ao propio e se asuman pautas alleas (boade-las). Porén, vemos normal, porque o é, que os xornais galegos ofrezan novidades en español. O que denunciámos é a falta de correspondencia, o desequilibrio.

Sobre a literatura como fornecedora de contidos da industria cultural houbo dúas mesas redondas. A primeira, relacionando a literatura co audiovisual, foi mo-

derada por Raúl Veiga e contou coa presenza de Hector Carré, Harkaitz Cano, Ander Iturrizotz e Manel Bonnyay. A segunda, que tratou da literatura como modelo de convivencia de vellos e novos soportes, foi moderada por Tati Mancebo, intervindo Marcos S. Calveiro, Nicolás Zimarro e Guillem-Jordi Graells.

Para sermos xustos hemos admitir que tampouco faltaron críticas ao modelo actual de Congreso, que algúns consideran esgotado: escoitar pasivamente unha serie de ponencias, sen un debate posterior, carece de sentido.

Habería que arbitrar outras fórmulas de participación e diálogo, máis axil, intenso e de mutua interrelación con vistas á defensa dos intereses colectivos e a levar adiante proxectos comúns.

Do que non temos dúbida e da necesidade da propia institución, Galeusca, que nos fai visibles e recoñecibles.

O ramo final ao encontro púxoo a poesía e a música, cun recitado; Olalla Cociña, Dorcas Tembrás, Nikolas Zimarro e Miquel Bezares, puxeron os versos; Xabier Díaz foi o que se encargou da música. Que siga.

xulio@xulio.e.telefonica.net




Ilustración de Xabier Garo

libros



Periferia
IOLANDA ZÚÑIGA
Editorial Xerais.
Vigo, 2010. 503 páxinas.

■ El cine, el fútbol, la música, son algunas de las constantes que encontramos en la primera novela de la escritora de Vigo, ganadora del Premio Xerais 2010. Luciana y Brown son las protagonistas de una historia empapada del modo de vida urbano, la violencia y el amor.



A filla do ladrón de bicicletas
TERESA GONZÁLEZ COSTA
Editorial Xerais.
Vigo, 2010. 176 páxinas.

■ Celerífera es la increíble bicicleta de Serafina, una niña que sueña con ser equilibrista. La perfecta combinación entre ternura y humor llevó al jurado del premio Merlín a otorgar su galardón a la autora de O Grove.




Libertadores de América. Aquellos gloriosos sudacas
FELIPE PIGNA
Edita Fundación José Manuel Lara. Sevilla, 2010. 288 páxinas.

■ Con esta obra, el polifacético y conocido historiador argentino ganó el Premio Manuel Alvar de Estudios Humanísticos 2010. Es un ensayo ameno que aproxima los aspectos más desconocidos de la vida de figuras como Bolívar o Beltrano.



Areal, revista cultural de Sada
VARIOS AUTORES
Edita AC Irmãos Suárez Picallo.
A Coruña, 2010. 34 páxinas.

■ Recibimos el primer número de esta interesante revista dirigida por Francisco Pita. Los estudiosos Luís Pérez y José María Monterroso aportan sendos reportajes sobre Ricardo Flores. Manuel Lúgrís o Rafael Carballeira son dos de los colaboradores.



El último secreto de Frida K
GREGORIO LEÓN
Editorial Algolia.
Madrid, 2010. 456 páxinas.

■ En Ciudad de México roban un cuadro atribuido a Frida Kahlo. Cuando la detective Daniela Ackerman viaja desde España para buscarlo se tropieza con algo sorprendente: el lienzo oculta el último mensaje cifrado de la pintora mexicana.



Cordero
CHRISTOPHER MOORE
La Factoría de Ideas.
Madrid, 2010. 416 páxinas.

■ Con su peculiar humor, narra la vida de Jesucristo al lado de su mejor amigo, Levi, alias "colega", en esos años de infancia y adolescencia que no aparecen en los Evangelios. Es una obra genial, divertida, delirante, conmovedora y un poquito irreverente.

El Ideal Gallego